



Concello de Outeiro de Rei

REGULAMENTO ORGÁNICO DE CREACIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO GOBERNO LOCAL

Artigo 1: Obxeto

O presente regulamento ten por obxeto a creación e regulación do órgano complementario denominado Comisión de Coordinación do Goberno Local.

Artigo: Funcións

Son funcións propias da Comisión de Coordinación do Goberno Local o debate dos asuntos relativos aos servizos ou áreas sobor as que versen as competencias delegadas en órganos unipersonales; a fixación de posturas comúns en asuntos que afecten a diversos servizos; a posta en común da información e experiencia obtida na xestión das competencias delegadas e a formulación de propostas de actos ou regulamentos para ser dirixidos aos órganos competentes.

Artigo: Composición

A Comisión de Coordinación do Goberno Local estará integrado polos concelleiros que ostenten delegacións, ben sexan xenéricas, bens especiais relativas a un determinado área ou servizo.

Non darán lugar a formar parte da Comisión as delegacións para asuntos determinados, coma a autorización de matrimonio.

Tampouco dará lugar a formar parte da Comisión o nomeamento en órganos de carácter colexiado.

Terá a condición de Presidente da Comisión o sr.Alcalde do Concello.

Artigo: Réxime de funcionamento

A Comisión de Coordinación do Goberno Local celebrará sesión ordinaria o primeiro venres de cada mes, e extraordinaria cando o estime conveniente o Presidente.

O réxime de funcionamento será o previsto para os órganos colexiados na lexislación básica de réxime xurídico das Administracións Públicas”.